



ACTA Nº 2020/1  
SESIÓN PLENARIA XOVES 13 DE FEBREIRO DE 2020

**ACTA Nº 2020/1**

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**XOVES 13 DE FEBREIRO DE 2020 -**



## ACTA Nº 2020/1

Asistentes:

**PRESIDE:**

FERNANDO JAVIER PÉREZ  
FERNÁNDEZ.

**ASISTEN:**

BNG  
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE.  
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE.  
PP  
JOSÉ DAVID PINTOR PAZO  
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL  
JOSÉ EMILIO MAHÍA NEIRA  
JESÚS GÓMEZ GARCÍA  
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO  
COTOS

**AUSENCIAS:**

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ

**SECRETARIO:**

RICARDO GARRIDO CANEDA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 13 DE FEBREIRO DE 2020

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:05 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación se procede, das actas das sesións anteriores.
- 2.- Dación de contas dos Decretos de Alcaldía e dos reparos, se procede.
- 3.- Dación de contas dos acordos da Xunta de Goberno Local e dos reparos, se procede.
- 4.- Expte de recoñecemento extraxudicial de crédito.
- 5.- Corrección de erros do expediente de solicitude do POS 2020.
- 6.- Expediente de desafectación do Velorio.
- 7.- Mocións dos grupos políticos.
- 8.- Rogos e preguntas.

#### 1.- Aprobación se procede, das actas das sesións anteriores:

Apróbanse as actas dos plenos con número 13/2020 (xunto coa súa dilixencia) e 15/2020, con 6 votos a favor e 2 abstencións.



## 2.- Dación de contas dos Decretos de Alcaldía e dos reparos, se procede:

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, dos decretos de Alcaldía dictados dende o 17 de decembro de 2019 ata o 8 de febreiro de 2020.

Neste punto da orde do día, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Ferire solicita que se lle suministre información sobre as subvencións solicitadas nos referidos decretos, especificamente sobre a do expediente 2019/G003/000181.

## 3.- Dación de contas dos acordos da Xunta de Goberno Local e dos reparos, se procede:

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, das Actas da Xunta de Goberno Local 2019/22, 2019/23 e 2019/24.

## 4.- Expte de recoñecemento extraxudicial de crédito:

### Expte. TEDEC 2020/C007/000001.

Visto o informe de Intervención evacuado en aplicación do artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 4.1 letra b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, de data 10 de febreiro de 2020, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

En atención ao exposto, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o recoñecemento dos créditos que a continuación se recollen con referencia ós seus expedientes, correspondentes a exercicios anteriores:

1. Expte. F/2019/1709 - Feruelte S.L. - B70044920 – 14,23€.
2. Expte. F/2019/1710 – Rey Cajide Jose Luís – 33287895H – 377,57€.
3. Expte. F/2019/1711 – Distribuciones Careira – 78796945A – 293,39€.
4. Expte. F/2019/1712 – Cándido Carpintería – B15441017 – 124,75€.
5. Expte. F/2019/1713 – Cándido Carpintería – B15441017 – 56,87€.
6. Expte. F/2019/1714 - GSV Agro – B70400932 – 32,82€.
7. Expte. F/2019/1715 - GSV Agro – B70400932 – 49,22€.
8. Expte. F/2019/1716 - Rey Cajide Jose Luís – 33287895H – 326,75€.
9. Expte. F/2019/1717 - Valar Iniciativas y Desarrollo – B70197074 – 63,93€.
10. Expte. F/2019/1718 - Autos Puntero - B15129984 - 275,00€.
11. Expte. F/2019/1719 - Sabino S.L. - B15624125 – 330,00€.
12. Expte. F/2019/1720 - Roberto Artes Gráficas – B15505134 – 52,03€.
13. Expte. F/2019/1721 - Electric S.L. - B15475361 – 2006,58€.

**SEGUNDO.-** Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020 os correspondentes créditos con cargo á aplicación orzamentaria 920.22699, da cal se realizou a



correspondente retención, para os expedientes F/2019/1709, F/2019/1710, F/2019/1711, F/2019/1712, F/2019/1713, F/2019/1714, F/2019/1715, F/2019/1716, F/2019/1717, F/2019/1719, F/2019/1720 e F/2019/1721.

**TERCEIRO.-** Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020 os correspondentes créditos con cargo á aplicación orzamentaria 340.22699, da cal se realizou a correspondente retención, para o expediente F/2019/171809.

En referencia á factura con referencia F/2019/1719, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire pregunta polo concepto da mesma. O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández contesta que é a participación do Concello na festa do 12 de outubro da Garda Civil.

## 5.- Corrección de erros do expediente de solicitude do POS 2020:

### EXPTE TEDEC: 2019/A008/000020.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2020" publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 2018, de data xoves 31 de outubro de 2019.

Vista a circular sobre a aprobación das referidas Bases Reguladoras obrante no expediente e na que constan as cantidades asignadas a este Concello para cada un dos tipos de achega, tal e como se recolle na seguinte táboa:

CONCELLO DE VILASANTAR			
Achega provincial 2020	Achega provincial 2019	Préstamos provincial 2020	TOTAL POS+ 2020
134.558,57€	32.564,40€	122.884,54€	290.007,51€

Visto que segundo as Bases Reguladoras, o Concello poderá destinar a "achega provincial 2020", ou excepcionalmente a "achega provincial 2019" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ó financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2020, segundo se detalla na Base 5.b.2, sen límite ningún.

Visto que segundo as Bases Reguladoras, o Concello poderá destinar a "achega provincial 2020", "a achega provincial 2019" e o "préstamo provincial 2020" ó financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

Vista a memoria de Alcaldía en base ó modelo ANEXO II da convocatoria de referencia.

Vista a previsión dos gastos correntes directamente asociados ó funcionamento dos servizos públicos obrigatorios elaborada pola secretaría – intervención deste Concello en base ó modelo ANEXO III da convocatoria de referencia.



Visto o proxecto de obra titulado “Reforzo do firme de calzada existente con MBC nun tramo da estrada Aguión – Pazos”, cun orzamento base de licitación valorado en 100.445,00€.

Visto o proxecto de obra titulado “Reforzo do firme de calzada con MBC do camiño acceso a Mourengos”, cun orzamento base de licitación valorado en 50.660,00€.

Visto o proxecto de obra titulado “Ampliación, afirmado e reforzo do firme de calzada con MBC dos camiños Ponte da Gándara – Pazos e Turío – Eirixe”, cun orzamento base de licitación valorado en 58.940,00€.

Visto o proxecto de obra titulado “Rehabilitación estrutural firme de calzada camiños de acceso ós núcleos de Liñares, Fortaleza e Vento (San Vicente)”, cun orzamento base de licitación valorado en 72.195,00€.

Visto que este último proxecto foi aprobado no pleno ordinario deste Concello, celebrado o lúns 18 de decembro de 2017, polo que non é preciso volver á aproba-lo e compe, simplemente, incluí-lo na solicitude de Plan Complementario 2020.

Visto que constan no expediente administrativo os Anexos V, VI, VII, VIII e IX, en consonancia co disposto nas referidas Bases Reguladoras.

Visto o disposto na Base 4 das Bases Reguladoras anteriormente citadas no referente ó Plan Complementario en calidade de investimento financeiramente sostible.

Vistos requerimentos de subsanación de erros remitidos pola Deputación da Coruña con número de rexistro de entrada neste Concello 20200000000072, 20200000000073, 20200000000074, 20200000000075, 20200000000076 e 20200000000080, de data 22 de xaneiro de 2020.

Visto que se procede á corrección dos erros indicados nos referidos requerimentos tal e como sigue:

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda por unanimidade:

**Primeiro:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			



## Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/1  
SESIÓN PLENARIA XOVES 13 DE FEBREIRO DE 2020

Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	75.618,57€
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	75.618,57€

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Ampliación, afirmado e reforzo do firme de calzada con MBC dos camiños Ponte da Gándara – Pazos e Turío – Eirixe	58.940,00€		58.940,00€
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	58.940,00€		58.940,00€

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Reforzo do firme de calzada con MBC do camiño acceso a Mourengos	32.564,40€	18.095,60€	50.660,00€
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	32.564,40€	18.095,60€	50.660,00€

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.



## Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2020/1  
SESIÓN PLENARIA XOVES 13 DE FEBREIRO DE 2020

### D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

### E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	75.618,57€		75.618,57€
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	58.940,00€		58.940,00€
	Achega 2019	32.564,40€	18.095,60€	50.660,00€
	Préstamo 2020			
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020	134.558,57€		134.558,57€
	Achega 2019	32.564,40€	18.095,60€	50.660,00€
	Préstamo 2020			
	TOTAL	167.122,97€	18.095,60€	185.122,97€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Reforzo do firme de calzada existente con MBC nun tramo da estrada Aguión – Pazos	100.445,00€
Rehabilitación estrutural firme de calzada camiños de acceso ós núcleos de Liñares, Fortaleza e Vento (San Vicente)	72.195,00€
<b>TOTAIS</b>	<b>175.564,00€</b>



- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**Segundo:** Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

#### **6.- Expediente de desafectación do Velorio:**

**Expte TEDEC: 2020/X999/000011**

Visto que o Concello de Vilasantar é propietario do inmovible núm. INM90031 do Inventario de bens e dereitos e sendo así mesmo que dito ben está situado en en Avenida do Mestre Mayo Abellán, O Foro. Présaras termo municipal de Vilasantar, ten unha superficie de 448 m<sup>2</sup>, linda (segundo escritura de declaración de obra nova rematada n.º 831 – Notario Gonzalo Freire Barral (Betanzos) de 3 de xullo de 2019): ao Norte, Ramón Antonio Taibo Andrade; ao Sur, camiño de acceso, separando a parcela de María Jesús Abad; ao Leste, camiño público a Tamou e ao Oeste, parcela B do Centro de Saúde (propiedade da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia), está inscrito no Rexistro da Propiedade de Arzúa ao tomo: 791 libro: 34 de Vilasantar, folio: 6, leira número 5.227 e inscrición 1ª, ten a seguinte referencia catastral 2867405NH7626N0001HO e a súa natureza é de dominio público.

Visto que en virtude de providencia de Alcaldía de data 8 de setembro de 2018 decídese iniciar expediente de desafectación en relación ao inmovible mencionado, transformando a súa natureza a patrimonial, en virtude aos seguintes motivos: “estar adicado a tanatorio – velatorio, que constitúe unha actividade suxeita a libre concorrencia” constando memoria xustificativa de data 19 de outubro de 2018,





quedando, desta forma, patente a súa oportunidade, conveniencia e utilidade para o interese público.

Visto que, de conformidade co establecido no artigo 8.2º do RB, ofreceuse a preceptiva información pública no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 210 de lúns 5 de novembro de 2018 e no taboleiro de anuncios desta EELL, téndose outorgado o prazo dun mes dende a súa publicación para poder examinar o expediente e, no seu caso, efectuar as alegacións que se estimasen pertinentes, sen que ata a data se tivese presentado.

Visto que segundo o previsto nos artigos 22.2º I) RB, 47.2 n LRBRL e o 169.1 LALGA, o Pleno é o órgano competente para a desafectación pretendida debendo ser adoptado o acordo co voto favorable por maioría absoluta do número legal de membros das corporacións.

Visto o informe dos servizos técnicos, a memoria xustificativa da oportunidade ou necesidade de realizar a presente alteración da cualificación xurídica, o informe xurídico que avala a legalidade daquela e o informe de Intervención.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda por unanimidade:

**PRIMEIRO.-** Desafectar o inmovible número INM90031 do Inventario de bens e dereitos, descrito anteriormente, transformando a súa natureza de dominio público a patrimonial para destinalo a actividade de tanatorio - velatorio.

**SEGUNDO.-** Recibir formalmente o inmovible descrito de conformidade co disposto no artigo 8.3 RB.

**TERCEIRO.-** Modificar puntualmente o Inventario tralo cambio da súa natureza xurídica, tal e como se dispón no artigo 34 do RB e adecuar a nova cualificación no Rexistro da Propiedade correspondente.

## 7.- Mocións dos grupos políticos:

### 7.1.- Moción para instar ó Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia:

O Grupo Municipal Popular no concello de Vilasantar con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que *“tocaba en el año 2019”* e que *“ya se perdió esa oportunidad de*



*poder resarcir*", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupostos Generales del Estado.

Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranase á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vilasantar, presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDOS

O pleno do Concello de Vilasantar acorda:

1. *"Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.*

2. *Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.*

3. *Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia*

O grupo municipal do BNG presenta na mesma sesión plenaria a seguinte emenda de engádegas no apartado de acordos:



1.- Instar á Xunta de Galiza a iniciar, no menor prazo posible, a vía xudicial en reclamación das cantidades adebedadas por parte do Goberno central.

2.- Demandar a derogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional do 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora dos servizos públicos da administración galega e dos Concellos así como a inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade.

Esta emenda de engádega non é aceptada polo grupo municipal do PP.

Acto seguido, procédese á votación do texto orixinal co resultado de 6 votos a favor e 2 votos en contra.

### 8.- Rogos e preguntas:

Ante a falta de remisión por parte da oficina de rexistro con carácter previo á convocatoria da sesión plenaria, o señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, quere facer constar en acta que as preguntas realizadas polo grupo municipal do BNG se presentaron en forma e prazo con carácter previo á convocatoria desta sesión.

Acto seguido, procédese a realización da literalidade das preguntas por parte do grupo municipal do BNG por parte do concelleiro don Jose Antonio Cotos Seoane:

8.1.- Diante da solicitude de acceso ó expediente da ampliación da rede de auga a cinco casas que mencionou o Alcalde no pleno de outubro de 2019, o interventor infórmanos que non existe ningún expediente de ditas obras e que non consta factura do pago das mesmas. Solicitamos que se nos aclare o procedemento de adxudicación e a súa tramitación.

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta que esa obra se executou con medios propios e soamente se contratou o servizo auxiliar de pala.

8.2.- Vendo o expediente número F/2019/1030 dunha factura por importe de 3.655,81€ pola colocación de farolas. Solicitamos que se nos indique a localización das mesmas e a data da realización da obra.

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta que o 24 de xuño se realizou a actuación en Présaras xunto o pabellón, tamén en Panacioi así como en Pedrouzos (parroquia de Barbeito). O día 28 de xuño correspóndese coa data da actuación no emplazamento da Casa de Jesús Antonio, en Xafeita. O día 6 de xullo realízase outra actuación en Eirixe - Vilariño). E o 8 de xullo realízase una actuación en Igreza – San Vicente.

8.3.- Cal é o problema polo que inicia un procedemento de reintegro da axuda concedida pola Axencia de Desenvolvemento Rural para executar o proxecto PM17-246 Ensanche e mellora na carretera da Torre a Raído?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, da as explicacións pertinentes consistentes en que se produxo u erero administrativo. Así mesmo acalra



que o expediente atópase recurrido por parte deste Concello e, ademáis, a obra foi contratada, executada e xustificada.

8.4.- Cal son os motivos para que o Concello non pagase a nómina de xaneiro en prazo?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta que non se produxo tal retraso.

8.5.- Solicitamos coñecer a relación das aportacións realizadas a cada una das acomisións de festas do concello no ano 2019, ben por traballo realizado polo propio concello ou a través de abono de facturas.

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta que a Feira de Abril en San Vicente recibiu una colaboración de 2.000,00€ e a carpa. Así mesmo, tamén indica que nas festas de Présaras colaborouse con máis de 4.000,00€. Finalmente indica que tódalas comisión de festas reciben a carpa municipal e o servizo de protección civil.

8.6.- No pleno anterior solicitamos que se nos indicara cando se realizou a limpeza dos contedores do lixo, o mes seguinte empezáronse a lavar e como síguenos dicindo que non se lavaron no ano 2018 solicitamos que se non dean as datas nas que se realizou este traballo por parte da empresa.

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta que as datas de limpeza dos contedores no ano 2018 foron as seguintes: 23 de xaneiro, 17 de abril, 18 de setembro e 18 de decembro.

8.7.- A maiores, o concelleiro Jose Antonio Cotos Seoane realiza a seguinte pregunta: Cal é o motivo dos problemas da auga en Xemerás?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, contesta que se están a realizar comprobacións no bombeo ou se hai fugas na rede.

Ás 14:00 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, martes 11 de agosto de 2020  
O secretario, Ricardo Garrido Caneda  
Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**